

Boa tarde!

Velaquí o comunicado de ContraMINAcción, a rede de [colectivos](#) contra a minaría destrutiva na Galiza, en forma de chamada dirixida á cidadanía galega presente hoxe nesta Quintana, así como a aqueles que non puideron vir e que talvez nos escoiten desde outros lugares.

Galiza está baixo ameaza dun dobre axente perigoso: a megaminaría, o negocio especulativo das multinacionais, e dos gobernos colaboracionistas que, en vez de defender, consenten á destrución do noso territorio.

O desenvolvemento industrial e económico previsto pola Xunta nos depara un futuro escuro como boca de mina.

Un destino decimonónico e colonial pretende furar e abrir as vetas as montañas galegas co obxectivo de pulverizar as súas entrañas, para mellor as esquilmar/depredar. Farano a ceo aberto e, se non nos opoñemos, co beneplácito da nosa Administración, sufragados cos nosos impostos. Neste ataque sen precedentes ao noso futuro desaparecerán do mapa montes, terras de cultivo, aldeas e poboacións, e no seu lugar ficarán montañas de entullos e lagoas envelenadas. Non deixarán rocha sobre rocha.

Nós nunca seremos cómplices!

Nós nunca o permitiremos!

Por iso decidimos esconxurarnos contra o destino e hoxe vimos estes colectivos a Compostela traer esta declaración de principios:

## **1. CORCOESTO NON É UNHA MINA!**

Corcoesto é noso, é a nosa vida, a nosa ledicia, Corcoesto está no noso corazón. As nosas leiras, o noso gando, os nosos montes, as nosas casas, a nosa xente; a xente, a gran esquecida neste conflito.

Non debemos permitir que, nin a Xunta de Galicia nin os nosos gobernantes locais decidan por nós, non permitiremos que a súa codicia arrase cunha forma de vida arraigada e respetuosa ca terra.

Corcoesto é Cereo, Valenza, Bergantiños, Corcoesto é Galiza. É un ben que herdamos dos nosos ancestros e que agora nos toca defender a nós.

A rosa de Corcoesto non se vende! Queremos a ria de Corme e Laxe libres de arsénico e de cianuro.

LOITEMOS POR CORCOESTO, LOITEMOS POLA NOSA TERRA, LOITEMOS POLA NOSA DIGNIDADE, LOITEMOS POLOS NOSOS FILLOS!

## **1. CASTRELO DE MIÑO NON É UNHA MINA!**

En Castrelo de Miño non temos ningún tesouro enterrado que precise de grandes máquinas ou procesos físico-químicos altamente contaminantes e perigosos para extrae-lo. O noso tesouro está ben á vista. O noso tesouro son as máis de 500Has. de terreo cultivado adicado á vide, que nos converten no principal produtor de uva da D.O. Ribeiro. O noso tesouro é o turismo enolóxico, a pesca, a caza, o turismo rural, as actividades deportivas, o desenrolo sostible e a calidade de vida, que fan que Castrelo de Miño sexa un referente a tódolos niveis.

A instalación deste tipo de actividades extractivas no concello vai a supoñer non só a expropiación das nosas terras, senón tamén do noso pasado, presente e futuro, e non imos permitir que unha excavadora destrúa en 4 ou 5 anos o que nos custou séculos acadar. Non queremos Nin Minas nin Canteiras nas Nosas Ribeiras. Castrelo de Miño non é unha mina.

# **MANIFESTO DA MANIFESTACIÓN DO 2 DE XUÑO DO 2013 CONTRA A MEGAMINEIRÍA EN GALIZA.**

Galicia non é unha mina.

## **1. AS COMARCAS DE ORDES-COMPOSTELA NON SON UNHA MINA**

A minería contaminante está a ameazar os concellos de Oroso, Frades, Mesía, Ordes, O Pino e Compostela

LOITAMOS POLO NOSO FUTURO E POLO NOSO MEDIO DE VIDA. A extracción de seixo que pretende a transnacional Erimsa en miles de hectáreas suporá a destrución da capa vexetal e da fertilidade da terra durante anos e anos. Onde Erimsa só ve rochas, nós vemos vida, forraxes para os nosos animais, o sustento de moitas persoas que viven dun xeito directo ou indirecto dos sectores agrogandeiro e forestal, os soños e a oportunidade de centos de mozos e mozas que queren construír o seu futuro na terra que os viu nacer.

LOITAMOS POR UNHA PROTECCIÓN REAL PARA OS NOSOS RÍOS E OS NOSOS ESPAZOS NATURAIS. A nivel medioambiental, estas concesións mineiras afectan de cheo ao río Tambre e afluentes seus como o Maruzo ou o Samo, que ademais están catalogados como Lugar de Interese Comunitaria (LIC) e espazos da Rede Natura 2000.

LOITAMOS POLA CALIDADE DE VIDA DOS NOSOS VECIÑOS E VECIÑAS. Estas minas tamén afectan zonas poboadas, algunhas urbanas con importantes concentracións de vivendas como Sigüeiro, Penateixa, Gándara, Porto Avieira, Piñeirón ou Oroso.

LOITAMOS POLA DEMOCRACIA. Para que os nosos concellos e a Xunta velen dunha vez por todas polo interese xeral e non sexan cómplices nos atropelos e abusos das empresas mineiras.

As nosas terras non son unha mina.

## **1. A GROBA, A RAXADA, O TETÓN E A SERRA DO ARGALO NON SON UNHA MINA!**

A Consellería de Industria dirixida por Francisco Conde OFRECE o país a quen queira vir tirarlle os tesouros mineiros das súas entrañas ó prezo que sexa. Ó chamado do mel acoden abellas de todo o mundo. Para A Serra do Galiñeiro hai oferta de explotación de terras raras e para unha ampla zona que xira ó redor da Serra da Groba hai intención de tirarlle o ouro e de seguro outros minerais que lle paguen a pena.

Os propietarios milenarios destes montes non saben ren.

As administracións de maior proximidade non informan nada, nin se informan de nada.

Os membros de SOS GROBA procuran información e están a pasarlla ós veciños:

Diante do ofrecemento do país ó gran capital especulativo mundial hai unha empresa canadiana: MEDGOLD RESOURCES que envía un proxecto de investigación que chama PINZÁS GOLD PROJECT na que solicita, durante tres anos, prospectar e tirar mostras no espazo de 275 cadrículas mineiras de 30 hectáreas cada unha, polo tanto solicita a investigación -e futura explotación- ó longo de 82'5 km cadrados nos concellos de Gondomar, Baiona, Oia, O Rosal, Tui e Tomiño.

A delegación da Xunta en Pontevedra convocou e reuniuse cos alcaldes dos cinco concellos afectados para informalos do proxecto.

Ningún dos cinco alcaldes se puxo en contacto cos veciños para explicarlles o proxecto e tomar unha posición, considerando que cada concello ten que emitir un informe de impacto medio-ambiental, como tamén o teñen que emitir a Consellería de Medio Ambiente que é a mesma que a de Industria e tamén o Servizo de Arqueoloxía da Consellería de Cultura.

A ampla zona de posible instalación mineira xa fora prospectada e explotada por outro imperio multinacional; Roma, daquela de xeito menos agresivo pero levando a produción para a metrópole. Esta explotación de hai uns 2000 anos deixounos unha densa rede de xacementos arqueolóxicos sumados a varios campos de mámoas e petróglifos e castros e a achados líticos paleolíticos.

Á riqueza arqueolóxica temos que engadirlle o patrimonio etnográfico da serra (a rede hídrica antrópica, casetas forestais, foxos de lobo, curros, meixóns, ...) tanto construído como inmaterial.

É a serra dos cabalos salvaxes de pura raza galega tamén ameazados polo decreto equino e que xuntan nos curros da Valga, Torroña, Mougás e San Cibrán.

A ameaza da minería do ouro súmase ós proxectos de varios parques eólicos, campos de golf, balsa de auga (un millón de metros cadrados), pista de autocross, ...

Por moito isto e moito máis non queremos a explotación industrial capitalista e contaminante da Serra da Groba.

## **1. A LIMIA NON É UNHA MINA!**

Na Limia, temos o millor Entroido do mundo e producimos as milliores patacas, como todos saben.

E iso e o que queremos defender, defender a nosa forma de vida como fixeron os nosos ancestros, como o facedes vos, os labregos e gandeiros actuais, como o faremos nos, as xeracions vindeiras.

Polo noso futuro, pedimos un plan sectorial, non para axudar a por minas, senon para o desenvolvemento da agricultura e gandaría, un plan que fomente e axude o desenvolvemento das zonas agrícola-gandeiras de Galicia, que representan o 90% da economía galega, que son as que prevalecen e deben prevalecer en Galicia, e non as actividades que represenan o 1%, as mineiras.

Tamen pedimos que se axude a instalacion de novas empresas de transformacion dos nosos produtos, e con ese plan sectorial agrícola-gandeiro, señores da Xunta, con el crearemos empregos e aseguraremos o futuro da nosa terra e o futuro dos nosos fillos.

Porque a Limia non e unha mina.

Porque Galicia non e unha mina.

## **1. A TERRA CHA NON É UNHA MINA!**

“Eu son esta terra e esta auga” . Con estas palabras do noso chairego máis universal Manuel María queremos berrar alto é claro: A TERRA CHA NON ESTÁ EN VENDA

O seixo que hai nas nosas leiras permite que, despois das chuvias do inverno, a terra drene e conserve a súa fertilidade.

Rexeitamos as supostas modernidades que promete a empresa de capital noruego e chinés Erimsa. Onde temos prados e terras de labranza propoñen deixar inmensas lagoas de augas

mortas, onde temos carballeiras propoñen deixar ermos, onde hai granxas e o medio de vida de centos da familias propoñen uns poucos empregos temporais... Non nos deixamos enganar por cantos de serea. O noso seixo non é a súa mina.

Erimsa pretende ocupar 6.000 hectáreas dos concellos de Cospeito, Castro de Rei, A Pastoriza, Vilalba, Abadín e Riotorto. Para Erimsa 6.000 hectáreas non serán nada. Para nós son unha inmensidade. Son a nosa vida.

**A NOSA TERRA NON É A SÚA MINA.**

**GOBERNE QUEN GOBERNE A TERRA CHA NON SE VENDE**

## **1. A SERRA DO GALIÑEIRO NON É UNHA MINA!**

De seguir esta senda de absurdo desenvolvemento económico só lograremos trocar o territorio como lugar de vida e fonte de alimentación, con toda a súa biodiversidade, por enfermidade e miseria para a gran maioría das persoas. Estannos a propor alegremente... traballo... traballo de enterradores... cavando a tumba dos nosos soños, dos nosos fillos, do noso país e a nosa propia. E os que propoñen e deciden tal negocio son as mesmas elites económicas e políticas que meteron o país na crise do ladrillo, co mesmo dogma económico, coa mesma irresponsabilidade, cegados neste caso polo cobizoso relumbrar do metal. Pero por moito que se empeñen, por moito que o repitan, a megaminería non é solución a ningún dos problemas actuais que sofre este ou calquera outro pobo.

## **1. VALEIRA, BURON, BECERREA E BARALLA NON SON UNHA MINA**

Desde as Terras altas do Oriente, Valeira, Burón, Becerreá e Baralla, vales do Eu, do Neira, do Návía, defendemos o chao que sustenta as nosas vidas, no que camiñamos, no que cultivamos, no que pasce noso gado, no que medran as nosas fragas, no que se refuxían animais e florescen as urces. Non aceptaremos a barbárie do seu esfolamento, a samesuga de ferro que quer extirpar as entrañas da nosa terra.

Resistiremos! Non pasarán!

## **1. SANTA COMBA, ZÁS E MAZARICOS NON SON UNHA MEGAMINA**

Eliximos o agro e a gandería para vivir deles e a minaría a ceo aberto é totalmente incompatible coas nosas actividades,

Nin as explosións, nin as emisións de po, nin a contaminación da auga e o solo poden ser compatibles coa crianza de animais e o cultivo dos vexetais que alimentan a todos.

Non pode ser compatible coa saúde das persoas.

Queremos que a nosa arsenopirita que acompaña ao ouro permaneza enterrada, afastada de onde poda facer mal, de onde esteamos nós.

O ouro que queren extraer non é para nós, é para eses canadenses.

O que si é valioso para nós é o alimento que inxerimos, que sexa de calidade, que sexa saudable. A capacidade de produci-lo xera na comarca miles de postos de traballo directos e indirectos de carácter permanente.

Imos cambiar estes recursos, que fixan poboación e manteñen viva a nosa terra por uns recursos a curto prazo que provocan despoboamento e nos envelenan?

Non queremos cianuro, non queremos arsénico, queremos poder vivir tranquilos sen que veñan a modificar as nosas vidas. Se quixésemos vivir de outro xeito, o decidiríamos nós e

non os gobernantes nin os estranxeiros, por iso nós dicimos ben alto: Non

## **1. TAPIA DE CASARIEGO EN EL OCCIDENTE DE ASTURIAS NO ES UNA MINA.**

ORO NO rechaza los proyectos de mega-minería que amenazan nuestros modos de vida, nuestra economía, nuestro medioambiente, y en definitiva, nuestro presente y futuro y el de nuestros hijos. La mega-minería de oro supone la destrucción de todo esto. Queremos seguir viviendo de la pesca, la ganadería y el turismo, a la vez que conservamos nuestro patrimonio natural y paisajístico.

## **1. TRIACASTELA NON É UNHA MINA**

Estamos cansos de ilegalidades e caciquismos, de roubos e mentiras, de que sempre nos traten de parvos. TEMOS DIGNIDADE!

Estamos cansos de que nos dividam e manipulen utilizando o emprego duns poucos como moeda de cambio, e desa ruina que é o pan para hoxe e fame pra mañá. TEMOS FUTURO!

Estamos cansos de que nos quiten as terras e a auga, de que destruan a agricultura e as nosas economías locais, de que destruan o noso patrimonio arqueolóxico e natural. TEMOS ALTERNATIVAS!

Non queremos vivir ao pé dun buraco que medra e medra destruíndo o noso medio de vida, o fértil solo agrícola fruto do traballo dos nosos antepasados, nen os nosos lugares da infancia. Non queremos estar sempre en pé de guerra baixo dunha ameaza constante. Non queremos que destruan as nosas aldeas nen as nosas vidas e nos obriguen a emigrar. QUEREMOS VIVIR AQUI E QUEREMOS VIVIR TRANQUILOS!

Non mais buracos!

Non mais terras e montes comunais roubados!

Non mais camiños e ríos cortados!

Non mais explosivos danando as nosas casas!

Non mais expropiacións!

Non mais lucros duns poucos a conta de todos!

Veciños de Cancelo, O Castiñeiro, A Lagua, O Teixo, Vilar e Vilavella, TODOS EN PÉ!

Galegos e persoas de bem de todo o mundo, ERGAMOS E PAREMOS ESTA DESFEITA!

Aqui estamos e aquí berramos hoxe, A NOSA TERRA É NOSA!, O FUTURO É NOSO!

---

A terra é nosa!

As nosas riquezas que nos queren roubar non cotizarán na bolsa de Toronto, nin servirán aos intereses e fins especulativos das empresas multinacionais.

A todas elas diremos: Galiza non é unha mina, así que fóra de aquí! E por se non nos entenden probaremos con *frack off e go home!*

Galiza non é unha mina, volvemos dicir hoxe en Compostela ao goberno da Xunta.

A mina ou nós!

Porque non permitiremos que dinamiten o noso territorio.

Non nos deixaremos explotar,

nin que minen a nosa saúde,

nin consentiremos

que os traballos que nos dan de comer  
voen polo aire,  
nin toleraremos que enterren o futuro das xeracións vindeiras,  
nin que desapareza o legado dos nosos ancestros:  
o noso patrimonio, que é a nosa memoria.

Galiza non é unha mina!  
Que non nos toquen o mercurio,  
Nin nos remexan o wolframio,  
Nin nos esquilmen o estaño,  
Que non acaben co granito,  
Nin nos desarmen o xisto.  
Que o arsénico, o chumbo e o ouro  
descansen en paz,  
alá onde están, onde deben estar,  
na rocha e baixo terra.

A natureza e a auga son as nosas primeiras fontes de riqueza e sustento. Sen elas non somos nada.  
Elas serán as primeiras vítimas colaterais desta invasión mineira. En dez, en quince anos, trala  
contenda, Galicia será só un campo minado, unha sombra do que foi, unha triste paisaxe devastada.

A natureza e a auga son hoxe a nosa máis grande canteira, o noso máis prezado tesouro, un tesouro  
colectivo, de todos nós, que vimos aproveitando desde tempos inmemoriais e que agora pretenden  
destruír para sempre.

Xentes de ouro de lei  
aquí reunidas,  
dignidades aquilatadas,  
que nos estades escoitando,  
habitantes das terras raras,  
herdanza de Breogán:  
defendede a terra,  
defendede a vida,

Galiza non é unha mina!

Grazas!